

# VERDESCENTE (Uxía Lambona e a Banda Molona)

Vivimos nunha terra moi fermosa  
e que ela estea ben é cousa nosa  
se a coidamos e lle damos aloumiños  
o seu peito nos dará como ameniños.

Esperta do teu sono e conecta con ela  
descobre prados ríos e arboredas  
garda ben esta mensaxe na túa mente  
o importante é deixar a nosa semente.

MIÑA TERRA MIÑA, SEMPRE TE AMAREI  
TI ES MIÑA NAICIÑA... OOO  
MIÑA TERRA MIÑA, MIÑA TERRA MIÑA  
MIÑA TERRA MIÑA, MIÑA TERRA MIÑA

Toxos, fentos, xestas e amieiros,  
soutos nos que medran castiñeiros,  
o latexo do seu peito é indomable  
seu corazón é de carballo está que arde.

Non te esquezas nunca da túa orixe  
deixa que o teu corpo enraíce  
o teu graíño de area si que conta  
pra que a nosa terra sexa máis fermosa.

MIÑA TERRA MIÑA, SEMPRE TE AMAREI  
TI ES MIÑA NAICIÑA... OOO

Miña terra miña, sempre te amarei  
abrazada ao teu peito, eu sempre estarei,  
túa pel e o meu manto, non me deixa terecer  
túa brisa é o murmurio que me fai adormecer

MIÑA TERRA MIÑA, MIÑA TERRA MIÑA  
MIÑA TERRA MIÑA, MIÑA TERRA MIÑA  
MIÑA TERRA MIÑA, MIÑA TERRA MIÑA  
MIÑA TERRA MIÑA, MIÑA TERRA MIÑA  
MIÑA TERRA MIÑA, MIÑA TERRA MIÑA